

COPIA CONTROLADA: Non Si: nº ____ Assignada a: _____ Data: _____

***NORMAS TÉCNICAS DA PRODUCCIÓN AGRARIA ECOLÓXICA
DE CARÁCTER XERAL.***

MODIFICACIÓNS RESPECTO DA EDICIÓN ANTERIOR:

- Actualízase o apartado 3 – Referencias.

Elaborado pola Dirección Técnica:

Revisado e aprobado polo Presidente:

NORMAS TÉCNICAS

NORMAS TÉCNICAS DA PRODUCCIÓN AGRARIA ECOLÓXICA DE CARÁCTER XERAL.



ÍNDICE:

- 1.- OBXECTO
- 2.- ALCANCE
- 3.- REFERENCIAS
- 4.- REALIZACIÓN
 - 4.1.- Normas Técnicas de Carácter Xeral.
 - 4.01.01 Cualificacións para agricultura ecolóxica de empregados e traballadores.
 - 4.01.02 Prohibición de uso de O.X.M na agricultura ecolóxica.
 - 4.01.03 Limitación de presenza de O.X.M na agricultura ecolóxica.
 - 4.01.04 Cumprimento da normativa xeral.

1.- OBXECTO.

O Consello das Comunidades Europeas aprobou, o 28 de Xuño de 2007, o Regulamento N° 834/2007 sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos polo que se derroga o Regulamento (CEE) n° 2092/91. O Regulamento (CEE) n° 2092/91 queda derrogado a partir do 1 de Xaneiro de 2009, será aplicábel a partir do 1 de Xaneiro de 2009 o Regulamento (CE) N° 834/2007.

As disposicións do Regulamento 834/2007 son as normas básicas para a agricultura ecolóxica consensuadas a nivel comunitario. O Considerando (40) do Regulamento 834/2007 exprésase textualmente así: “Na espera da adopción de normas comunitarias detalladas de produción para determinadas especies animais e plantas acuáticas e microalgas, convén que os Estados membros poidan dispor da aplicación de normas nacionais ou, a falta destas, normas privadas aceptadas ou recoñecidas polos Estados membros.”

A normativa europea complétase co Regulamento 889/2008 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 834/2008 do Consello, sobre produción ou etiquetaxe dos produtos ecolóxicos, con respecto á produción ecolóxica, á súa etiquetaxe e ao seu control. Porén, non se regulan todas as técnicas nin todos os produtos susceptibles de seren obtidos ou utilizados segundo o sistema de produción agroalimentario ecolóxico.

Por iso, mentres non se establezan as disposicións de aplicacións relativas á produción, elaboración, comercialización, etiquetaxe ou ao control a nivel comunitario, serán de aplicación as presentes Normas Técnicas e as normas consensuadas a nivel estatal.

Os obxectivos destas Normas Técnicas da produción agraria ecolóxica son:

- Concretar certos aspectos normativos contemplados polo Regulamento (CE) 834/2007 e o Regulamento (CE) 889/2008 mais que non están claros dabondo e dan pé a interpretacións diferentes.
- Estabelecer a normativa técnica aplicábel para os operadores de certas producións e en relación a certos aspectos técnicos non contemplados polo Regulamento (CE) 834/2007.
- Axustar a normativa que define o sistema de produción agroalimentaria ecolóxica ás características e especificidades propias da Comunidade Autónoma de Galiza.

2.- ALCANCE.

O C.R.A.E.G.A. recolle na súa acta do pleno do 28 de Marzo de 2008 a aprobación da inclusión na Organización Intereco.

A actual versión de estas Normas Técnicas será de obrigado cumprimento, previa aprobación pola Consellaría competente en materia de agricultura e aprobación no Pleno do C.R.A.E.G.A., para toda persoa física ou xurídica (dende agora, operador) que interveña na produción, elaboración, importación de países terceiros, almacenado e/ou comercializado dos produtos que se indican deseguido, sempre que estes produtos leven ou foren levar indicacións referentes ao método ecolóxico de produción, e até o momento en que estes produtos estiveren dispostos para a súa venda final ao consumidor nun envase ou recipiente que non permita a súa manipulación:

- a) Produtos agrícolas vexetais non transformados.
- b) Animais e produtos animais non transformados.
- c) Produtos vexetais de recolección silvestre.
- d) Produtos vexetais e animais transformados destinados á alimentación humana.
- e) Alimentos para animais, pensos compostos e materias primas para alimentación animal.
- f) Material de reprodución vexetativa e sementes para cultivo.

3.- REFERENCIAS.

- Procedemento Operativo de Calidade 04 “Procedemento de certificación e control”.
- Norma UNE – EN ISO/IEC 17065: “Requisitos para os organismos que certifican produtos, procesos e servizos”.
- Caderno Común de Normas Técnicas da Producción Agraria Ecolóxica (Ministerio de Medio Ambiente Rural e Mariño, Intereco).

4.- REALIZACIÓN.

4.1.

NORMAS TÉCNICAS DE CARÁCTER XERAL.

4.01.01 Cualificación para agricultura ecolóxica de empregados e traballadores.

4.01.01.01. É obriga do operador que todas as persoas que interviren, directamente ou indirectamente, na produción, elaboración, importación ou comercialización de produtos agrarios con dereito a levar as indicacións da agricultura ecolóxica, coñezan a normativa de agricultura ecolóxica que afecte ao eido das súas actividades e estean cualificadas para evitar os problemas orixinados polo seu incumprimento.

4.01.01.02. O operador terá que identificar as necesidades de formación do persoal involucrado na agricultura ecolóxica e proporcionarlle a formación axeitada para asegurar a súa competencia no desenvolvemento das tarefas asignadas e para que comprenda a importancia de evitar, durante o proceso de produción, elaboración, importación ou comercialización de produtos agrarios con dereito a levar as indicacións da agricultura ecolóxica, as misturas con produtos non ecolóxicos, ou a súa contaminación.

4.01.02 Prohibición do uso de O.X.M na agricultura ecolóxica.

4.01.02.01 Segundo se indica no Artigo 9 do Regulamento (CE) 834/2007, no método ecolóxico de produción non poderán utilizarse organismos xeneticamente modificados (O.X.M) nin produtos obtidos a partir destes. O uso de organismos xeneticamente modificados e dos seus derivados, produtos obtidos a partir de O.X.M e produtos obtidos mediante O.X.M, está prohibido na produción e elaboración de produtos ecolóxicos, debido á súa incompatibilidade cos principios da agricultura ecolóxica, á súa natureza non reversíbel e aos riscos potenciais que propón para a natureza e para a saúde humana.

4.01.02.02 A única excepción ao punto anterior constitúea o uso de medicamentos veterinarios obtidos a partir de derivados de O.X.M, que poden ser utilizados despois da súa solicitude á Autoridade de Control nos casos en que non exista un tratamento alternativo efectivo, e cando a ausencia do tratamento comprometa a saúde dos animais afectados. A Comisión poderá adoptar, no caso de absoluta necesidade, normas excepcionais con arranxo ao disposto no Artigo 22 g) do REGULAMENTO (CE) 834/2007.

4.01.03 Limitación de presenza de O.X.M na agricultura ecolóxica.

4.01.03.01 O Regulamento (CE) 834/2007 limita a presenza de O.X.M en produtos certificados de agricultura ecolóxica, agás para os casos concretos e xustificábeis en que esta for inevitábel e accidental e, ademais, cuantitativamente desprezábel.

4.01.03.02 Tendo en conta o estado da ciencia e as técnicas actuais para produtos certificados polas autoridades de control do Estado Español, o límite máximo desprezábel por imposibilidade técnica de cuantificación é do 0.1% (límite de cuantificación do método). Este límite só será de aplicación cando se dean os supostos de contaminación inevitábel e accidental. As materias primas utilizadas para a elaboración destes produtos tamén deberán cumprir con estes requisitos.

4.01.03.03 No caso de a autoridade de control verificar a recepción de produtos ou materias primas certificados como de agricultura ecolóxica que incumpran coas normas de prohibición da presenza de O.X.M anteriormente descritas, poderá iniciar os trámites oportunos de denuncia a instancias comunitarias a través das autoridades competentes na materia.

Medidas mínimas de prevención de contaminación por O.X.M e os seus derivados que deben adoptar os operadores.

4.01.03.04 Os produtos da agricultura ecolóxica teñen que estar libres de contaminación por O.X.M e polos seus derivados. En consecuencia, os operadores teñen que adoptar, dentro do eido da súa responsabilidade, todas as medidas necesarias encamiñadas a evitaren este tipo de contaminación nos seus produtos durante a produción, a elaboración, a almacenaxe e o transporte.

4.01.03.05 Os operadores terán que notificar á Autoridade de Control calquera posíbel fonte de contaminación por O.X.M e os seus derivados da que foren conscientes e que puider supor un risco para as súas parcelas, cultivos, animais ou produtos.

4.01.03.06 Cando un operador utilice na produción ou elaboración produtos susceptíbeis de estaren contaminados por O.X.M, proveñan ou non da agricultura ecolóxica, e teña dúbidas sobre se nestes produtos pode haber presenza de O.X.M ou nos seus derivados, ten que lle solicitar ao provedor unha declaración ou carta asinada, indicando que o produto non contén O.X.M, nin os seus derivados. Esta verificación é preciso reflectila no rexistro de entradas da unidade, e os produtos só poderán utilizarse cando o provedor confirmar que non conteñen O.X.M nin derivados destes.

4.01.03.07 Cando o operador non realiza a verificación anterior mencionada na norma 01.03.05 , e a Autoridade de Control considere que hai riscos razoábeis de os produtos producidos ou elaborados polo operador conteren O.X.M ou derivados de OXM, a Autoridade de Control pode solicitar que se realicen análises a cargo do operador para confirmar a ausencia de OXM e os seus derivados en mostras de produtos, ingredientes ou outros produtos, antes de autorizar que os produtos leven indicacións referentes ao método ecolóxico de produción.

NORMAS TÉCNICAS

NORMAS TÉCNICAS DA PRODUCCIÓN AGRARIA ECOLÓXICA DE CARÁCTER XERAL.



4.01.03.08 A certificación de agricultura ecolóxica retirarase daqueles cultivos ou produtos nos cales a Autoridade de Control constate a presenza de contaminación por presenza de O.X.M.

4.01.03.09 Naqueles casos en que a Autoridade de Control considerar que pode haber un risco elevado de contaminación por O.X.M, poderá pedir ao operador afectado a implantación de medidas específicas de autocontrol encamiñadas a evitaren esta contaminación, ademais das medidas comúns de autocontrol ás que obriga o Regulamento (CE) 834/2007.

4.01.03.10 En unidades con produción simultánea ecolóxica e non ecolóxica, está prohibido o uso de organismos modificados xeneticamente na parte non ecolóxica da unidade.

4.01.04 Cumprimento da normativa xeral.

4.01.04.01 A aplicación e cumprimento da normativa específica que regula a produción agroalimentaria ecolóxica non exime aos operadores do sometemento e do cumprimento de toda a normativa xeral e específica que lle for aplicábel en cada caso.